

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 20/12/2024**

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Javier Tourís Romero
VOGAIS:	D. Jorge Cubela López
	D ^a . M ^a . Isabel Couselo Torres, en substitución de D ^a . Luisa María Sánchez Méndez
	D. Rafael Domínguez Artime
	D ^a . Belén Cachafeiro Anta
	D. Jesús Vázquez Almuíña
	D ^a . María Pilar Ramallo Vázquez
	D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
	D ^a . María Nava Castro Domínguez
	D ^a . Digna Rosa Rivas Gómez
	D. Javier Iglesias Mougán
	D. Paco Ferreira González
	D. Gregorio Luis Agís Gómez
	D ^a . Nuria Rodríguez Rodríguez
	D. Gorka Gómez Díaz
	D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en substitución de D ^a . Beatriz Lomba Rodríguez
	D ^a . María Manuela Rodríguez Pumar

Sendo as nove horas e corenta minutos do día vinte de decembro do ano dous mil vinte e catro, reúnen-se no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretario o técnico de administración xeral do Servizo de Cooperación, D. Marcos Areán González.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (expte. 2024075795)

Apróbase a acta da sesión anterior (CSV: O3BTIIKR0Y1IAHWZ), correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte e dous de novembro do ano dous mil vinte e catro co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2.- DITAMINAR A APROBACIÓN DA SUBVENCIÓN DIRECTA Á ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CAPÍTULO SERENÍSIMO DO ALBARIÑO RÍAS BAIXAS PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE PROMOCIÓN INTERNACIONAL DOS VIÑOS DA D.O. RÍAS BAIXAS NO MARCO DA FESTA DO ALBARIÑO DE CAMBADOS 2024 (EXPTE.: 2024075802)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a ditame da Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente, con carácter previo á súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación, a proposta de ditame co seguinte teor literal:

“EXPEDIENTE: 2024075802

ASUNTO: APROBACIÓN SUBVENCIÓN DIRECTA A ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CAPÍTULO SERENÍSIMO DO ALBARIÑO RÍAS BAIXAS PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE: PROMOCIÓN INTERNACIONAL DOS VIÑOS DA D.O. RÍAS BAIXAS NO MARCO DA FESTA DO ALBARIÑO DE CAMBADOS 2024

TRÁMITE: PROPOSTA DE DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A Asociación de Amigos do Capítulo Serenísimos do Albariño Rías Baixas con CIF nº G94161189, presenta a través da sede electrónica, o día 19 de novembro de 2024 (WEB2024071556), instancia xenérica xunto coa documentación complementaria relativa á solicitude de subvención directa por importe de 10.000,00 € para realización da actividade “Promoción internacional dos viños da D.O. Rías Baixas no marco da Festa do Albariño de Cambados 2024”.

Visto o informe do 13 de decembro de 2024 da Xefa de Turismo, conformada pola Deputada



delegada de Turismo, sobre a aprobación da subvención directa á “Asociación de Amigos do Capítulo Serenísimos do Albariño Rías Baixas para a realización da actividade: Promoción internacional dos viños da D.O. Rías Baixas no marco da festa do albariño de Cambados 2024” Visto a dación de conta á Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do 22 de novembro de 2024 (sesión ordinaria) relativa á “Incoación do expediente de concesión dunha subvención directa á Asociación de Amigos do capítulo Serenísimos do Albariño Rías Baixas”.

Visto o informe de Intervención de data 17 de decembro de 2024 con CSV:CMAPF9ST3SMCWWCT

Por todo o anterior,

PROPONSE Á COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO

Ditaminar o expediente e, en consecuencia elevar ao órgano competente a concesión dunha subvención directa á Asociación de Amigos do Capítulo Serenísimos do Albariño Rías Baixas, con C.I.F. nº G94161189 por importe de 8.230,00 € para realización da actividade “Promoción internacional dos viños da D.O. Rías Baixas no marco da Festa do Albariño de Cambados 2024” celebrada no mes de agosto de 2024.

Asinado dixitalmente na data indicada á marxe

Ruth González Reyes”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente ditamina favorablemente cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular e a abstención dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PSDG-PSOE e do BNG a proposta referida “ut supra”.

3.- DAR CONTA DA FINALIZACIÓN DO PLAN DE DOAZÓNS DE ESPECIES VEXETEAIS PARA A SÚA PLANTACIÓN EN XARDÍNS PÚBLICOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2024 (EXPTE.: 2024021535)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

“DAR CONTA DA FINALIZACIÓN DO PLAN DE DOAZÓN DE ESPECIES VEXETAIS PARA A SÚA PLANTACIÓN EN XARDÍNS PÚBLICOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DURANTE O 2024



Como resultado da propagación e do mantemento das plantas, necesarias para estudos e proxectos que se levan a cabo na Estación Fitopatolóxica Areeiro (EFA), prodúcese anualmente un excedente de plantas que, para non ser destruídas, a Deputación de Pontevedra poñe á disposición dos concellos e outras entidades da provincia con xardíns abertos ao público, contribuíndo a enriquecer a diversidade botánica e o patrimonio vexetal da provincia, cos consecuentes beneficios para a cidadanía e o medio.

O prazo para a presentación das solicitudes estivo aberto dende o 9 de maio ata o 2 de decembro de 2024. As entidades beneficiarias que cumprían os requisitos das bases publicadas no BOPPO, puideron solicitar ata 35 exemplares de diferentes especies vexetais, cun máximo de 5 exemplares da mesma especie.

Ao longo do 2024 fixéronse 39 solicitudes, quedando excluídas 2 por non cumprir cos requerimentos das bases. Entregáronse un total de 799 plantas e están pendentes de recoller 245 plantas, pertencentes a 77 xéneros botánicos.

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica

A técnica: Olga Aguín Casal”

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido “ut supra”.

4.- DAR CONTA DAS REUNIÓNS DE SEGUIMENTO DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OUTRAS ENTIDADES PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN DURANTE O ANO 2024 (EXPTES.: 2020026576, 2020026657 E 2020038584)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

“DAR CONTA DAS REUNIÓNS DE SEGUIMENTO DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OUTRAS ENTIDADES PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN DURANTE O 2024

A Estación Fitopatolóxica Areeiro (EFA) tén convenios de colaboración co Mosterio de Armenteira, a Sociedade Española da Camelia, e a Universidade de Vigo, para o desenvolvemento de diferentes proxectos de investigación. As comisións de seguimento dos convenios reúnen unha vez o ano para tratar os temas relacionados ca execución do Convenio e valorar os resultados obtidos ao longo do ano.



Nos meses de novembro e decembro reuníronse as comisión de seguimento dos seguintes convenios:

- *Convenio de colaboración entre a Estación Fitopatolóxica Areeiro da Deputación de Pontevedra e o Mosteiro de Santa María de Armenteira (monxas cistercienses) para o “Estudo de novos produtos de cosmética elaborados con aceite virxe extraído por prensado en frío de sementes de camelias cultivadas en Pontevedra”.*
- *Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra, a Sociedade Española da Camelia (SEC) e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do proxecto “Aplicacións biotecnolóxicas para a mellora da resistencia ao fungo Ciborinia camelliae no xénero Camellia”.*
- *Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Sociedade Española da Camelia (SEC) para o desenvolvemento do proxecto “Estudio de la interacción planta-patógeno entre el hongo Ciborinia camelliae y distintas especies del género Camellia. Aplicaciones biotecnológicas para la mejora genética del género Camellia”.*

Os temas tratados foron o resumo das tarefas desenvolvidas durante o ano 2024 e a exposición das actividades previstas para a continuación dos Proxectos.

A técnica: Olga Aguín Casal”

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido “ut supra”.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos, do que, como secretario, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O secretario da Comisión,

(documento asinado electronicamente)

Marcos Areán González

